

FUNCIÓNS

DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS POR **ÁMBITOS** DE ACTUACIÓN



*Publicación financiada pola
Deputación da Coruña*



A EDUCACIÓN SOCIAL

- As educadoras e educadores sociais traballamos con **persoas**: con grupos, con comunidades, con familias e tamén individualmente, para lograr procesos de desenvolvemento social e cultural e atender ás súas necesidades, potencialidades e expectativas, especialmente coas persoas en situación de vulnerabilidade.
- A nosa acción baséase, entre outros, nos **principios** de respecto aos dereitos humanos, da xustiza social e da profesionalidade, baixo as pautas dun código deontolóxico.
- Temos presenza na **administración pública**, no **terceiro sector**, e tamén na **iniciativa privada**.
- Temos coñecementos e capacitación para a **investigación** de contextos; deseño, implementación, e avaliación de **proxectos** e programas, e **xestión** e dirección de institucións e recursos.

Somos: Profesionais da acción social e educativa comprometidas/os coa transmisión cultural, a mediación social e a xeración de contextos, redes sociais e educativas.



O CEESG

É unha corporación de dereito público constituída **por lei**, e concibida para:

- ordenar o exercicio profesional;
- representar os intereses da profesión;
- promover o recoñecemento social e profesional da educación social;
- cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención do título de educación social;
- mellorar a calidade das prestacións profesionais das/dos colexiadas/os, defender os seus intereses profesionais e velar para que a súa actividade se adecúe aos intereses da cidadanía.



Colexiarse significa participar do esforzo colectivo na loita pola dignificación, recoñecemento e regulación da Educación Social.

Atópanos en:

 
ceesg.gal
981 552206


colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia



FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Persoas con problemas relacionados co uso de drogas e outras adiccións

1. Deseño, execución e avaliación de programas e proxectos de prevención, redución de danos, tratamento e incorporación social.
2. Aplicación de protocolos de intervención socioeducativa para o tratamento de persoas con adiccións.
3. Deseño, execución e avaliación de programas orientados á superación das dificultades atopadas en diversas áreas persoais, laborais e sociocomunitarias.
4. Acompañamento socioeducativo personalizado para a integración social e laboral das persoas con adiccións.
5. Promoción da participación activa da persoa tanto no procesos de prevención, tratamento e incorporación social así coma a nivel comunitario.
6. Implicación das familias e das comunidades nos procesos de prevención e de atención ás persoas con problemas relacionados coas adiccións.
7. Deseño, execución e avaliación de programas educativos, formativos, culturais e lúdicos, centrados na prevención das drogodependencias dirixido ao alumnado e profesorado dos centros de ensino.
8. Traballo socioeducativo en centros de atención a persoas con problemas de adición, como poden ser as unidades municipais de atención a persoas drogodependentes.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Animación sociocultural e xestión cultural

1. Información, orientación e asesoramento cara facilitar o acceso das persoas aos recursos sociocomunitarios.
2. Xestión, dirección, coordinación dos recursos, institucións e equipamentos destinados á cultura, ao lecer e ao tempo libre.
3. Deseño, execución e avaliación de proxectos de animación sociocultural tendo en conta as realidades da comunidade e fomentando a participación da cidadanía.
4. Desenvolvemento de procesos socioeducativos e comunitarios que poñan en valor o patrimonio histórico-sociocultural do territorio.
5. Desenvolvemento de procesos educativos para o fortalecemento da consciencia crítica, a participación activa e o logro de maiores niveis de autonomía persoal e comunitaria.
6. Dinamización e animación da vida comunitaria e das relacións humanas que faciliten a creación de redes de integración, cooperación e solidariedade.
7. Mediación cultural para xerar procesos de comunicación e diálogo entre as persoas, as institucións e destas co entorno.
8. Acompañamento e asistencia técnica para a realización de proxectos comunitarios e a posta en marcha de actividades e servizos socioculturais.
9. Fomento da participación democrática e posta en valor das persoas con culturas doutra orixe que conforman as comunidades.
10. Promoción de iniciativas persoais e colectivas que faciliten a transformación de situacións sociais e culturais diversas.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Centros de ensino

1. Participación na elaboración do Proxecto Educativo do Centro e no Plan de Acción Titorial no referente, entre outros, á atención á diversidade, mellora da convivencia, educación para a saúde, prevención de condutas xenófobas e racistas, prevención da violencia machista.
2. Deseño e desenvolvemento de programas preventivos dirixidos ao alumnado que contribúan á adquisición de habilidades sociais relacionadas coa coeducación, autoestima, atención á diversidade, resolución de conflitos e mellora da convivencia escolar.
3. Planificación e coordinación con outros departamentos no desenvolvemento de actividades que melloren ou propicien as relacións centro-entorno e que favorezan a creación de redes de comunicación estables entre o centro e os demais axentes socioeducativos da comunidade de referencia.
4. Acompañamento do alumnado no seu proceso de adaptación escolar e social facilitando a súa integración tanto no seu grupo de aula como no centro e na vida académica.
5. Colaboración co equipo directivo e de orientación nas actuacións encamiñadas a garantir a información e o asesoramento ás familias sobre o proceso socioeducativo das súas fillas e fillos.
6. Deseño, execución e avaliación de escolas de nais e pais, promovendo a participación activa das familias na vida do centro e unha relación equilibrada e responsable entre toda a comunidade educativa.
7. Colaboración co equipo de orientación na resposta educativa ao alumnado con necesidades especiais.
8. Programación conxunta de actividades específicas de prevención do absentismo e o acoso escolar.
9. Apoio á formación do profesorado nas temáticas que especificamente se requiran.
10. Elaboración, desenvolvemento e seguimento do plan de convivencia do centro onde se implique a toda a comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado e resto de persoal).

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Desenvolvemento comunitario

1. Diagnose participativa de necesidades da comunidade como punto de partida para o desenvolvemento dun proxecto sociocomunitario.
2. Promoción de espazos de encontro da cidadanía, que favorezan a participación activa da comunidade.
3. Deseño de proxectos con dinámicas creativas, de concienciación e de participación democrática na procura de cambios sociais que favorezan unha mellor calidade de vida na cidadanía.
4. Creación de redes de comunicación, diálogo, promoción, consenso e dinamización dos axentes sociais que integran a comunidade.
5. Promoción do traballo en rede das Administracións Públicas, axentes sociais, entidades públicas e privadas e a propia cidadanía.
6. Información, orientación e asesoramento para a creación e a dinamización de asociacións e entidades sociais comunitarias.
7. Desenvolvemento de procesos que poñan en valor o patrimonio histórico-sociocultural do territorio.
8. Apoio e acompañamento na proposta, deseño, implementación e avaliación de iniciativas comunitarias colectivas e individuais.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Diversidade funcional / Discapacidade

1. Xestión de institucións, servizos e recursos sociais e técnicos destinados ás persoas con diversidade funcional.
2. Apoio e acompañamento á persoa no seu proceso de empoderamento.
3. Deseño, execución e avaliación de programas de desenvolvemento integral, en cada unha das áreas vitais da persoa, segundo as súas propias necesidade e demandas.
4. Elaboración e execución do proxecto socioeducativo individualizado así como dos documentos necesarios para o desenvolvemento de cada programa: Plan Individualizado de Vida Independente (PIVI), Plan de Atención Individualizado (PAI).
5. Deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos e actividades de formación e inserción sociolaboral, englobando actividades de sensibilización co empresariado.
6. Deseño, execución e avaliación de programas de concienciación social sobre a visión da diversidade funcional, os dereitos humanos e o bo trato.
7. Deseño, execución e avaliación de Programas de Educación Familiar que favorezan espazos de encontro familiar.
8. Mediación entre cidadanía e entorno mediante a sensibilización das potencialidades das persoas con diversidade funcional.
9. Traballo desde o deseño universal a prol da eliminación de barreiras arquitectónicas e mentais que faciliten a plena inclusión.

Igualdade

Infancia e
adolesc.

Intercult. e
migracións

Mocidade

Persoas
maiores

Persoas
sen fogar

Prisións

Saúde
mental

Serv. Soc.
Comunit.

Socio-
laboral

Adicións

Animac.
Sociocult.

Centros
de ensino

Desenv.
Comunit.

Divers.
funcional

Educación
ambiental

Educación
de adultxs

Educ. para
a saúde

Familias

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Educación ambiental

1. Deseño, desenvolvemento e avaliación de programas, proxectos, actividades e materiais didácticos de educación ambiental para diferentes sectores da poboación.
2. Mediación, animación e dinamización sociocomunitaria para a análise da crise socioecolóxica, as súas implicacións locais e globais e a construción colectiva de respostas social e ambientalmente sustentables.
3. Transmisión dunha ética ecoloxista para promover a configuración dunha cultura da sustentabilidade, transversal a todas as dimensións das sociedades contemporáneas.
4. Información, orientación e asesoramento para a comprensión crítica dos procesos socioambientais e as respostas que se están a desenvolver actualmente a nivel social e institucional.
5. Dinamización de procesos participativos que fomenten nas persoas e grupos actitudes cooperativas, críticas e construtivas orientadas a unha ecocidadanía ou cidadanía ecolóxica.
6. Procura da xustiza ambiental, a asunción de responsabilidades para co planeta e as súas/seus habitantes (presentes e futuros) e o empoderamento na construción colectiva de sociedades sustentables e xustas.
7. Promoción da acción, a mobilización de saberes, a adquisición de compromisos comúns e asunción de posturas éticas ante a crise socioambiental e as súas implicacións.
8. Posta en marcha de aprendizaxes individuais e colectivas arredor do consumo responsable.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Educación de persoas adultas

1. Deseño, execución e avaliación de proxectos de capacitación de persoas adultas enfocados a unha mellora significativa da súa formación, promovendo contidos que fomenten a curiosidade.
2. Deseño, execución e avaliación de proxectos de alfabetización, centrados na adquisición de competencias básicas, así como na alfabetización dixital.
3. Deseño, execución e avaliación de programas de preparación para a xubilación e o avellentamento activo.
4. Deseño, execución e avaliación de programas de ocio e tempo de lecer, a nivel individual, familiar e comunitario.
5. Sensibilización e posta en valor do patrimonio histórico-sociocultural de cadaquén.
6. Deseño, execución e avaliación de programas de prevención de situacións de risco e exclusión social da poboación adulta, que dean resposta ás súas necesidades e demandas, especialmente da poboación máis desfavorecida.
7. Creación de escenarios educativos de “segundas oportunidades”.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Educación para a saúde

1. Deseño, execución e avaliación de proxectos socioeducativos que fomenten a saúde integral.
2. Deseño, execución e avaliación de proxectos para a promoción das relacións sociais en base a hábitos saudables.
3. Deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos de promoción da saúde no ámbito escolar, laboral e comunitario.
4. Deseño, execución e avaliación de programas de modificación de condutas e hábitos de vida saudable.
5. Información sobre os recursos e servizos para a saúde e fomento do bo uso dos servizos sociosanitarios que existen na comunidade.
6. Apoio e acompañamento individualizado na toma consciente e autónoma de decisións de cada persoa, responsabilizándose do coidado e a protección da súa saúde.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Intervención socioeducativa con familias

1. Asesoramento e formación en materia de igualdade e violencia machista a profesionais das diferentes administracións para a aplicación da perspectiva de xénero nas súas intervencións.
2. Deseño, execución e avaliación de programas de coeducación dirixidos a toda a comunidade educativa.
3. Deseño de campañas de sensibilización dirixidas ao conxunto da cidadanía en materia de igualdade e corresponsabilidade social e/ou empresarial.
4. Deseño, execución e avaliación de Plans de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, en entidades públicas e privadas.
5. Deseño, execución e avaliación de programas de prevención da violencia machista no ámbito escolar, laboral e comunitario.
6. Deseño, execución e avaliación de proxectos de inserción sociolaboral dirixidos a mulleres con dificultades de inserción ou en risco de exclusión social.
7. Acompañamento e intervención socioeducativa con mulleres en situación de violencia de xénero, así como das súas fillas e/ou fillos.
8. Elaboración de proxectos de educación afectivo-sexual e respecto ás diversidades sexuais.
9. Traballo socioeducativo con mulleres prostituídas e/ou vítimas da violencia machista cara a súa recuperación integral.
10. Xestión e intervención socioeducativa nos centros de información ás mulleres (CIM) e outros equipamentos de atención ás mulleres.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Igualdade

1. Asesoramento e formación en materia de igualdade e violencia machista a profesionais das diferentes administracións para a aplicación da perspectiva de xénero nas súas intervencións.
2. Deseño, execución e avaliación de programas de coeducación dirixidos a toda a comunidade educativa.
3. Deseño de campañas de sensibilización dirixidas ao conxunto da cidadanía en materia de igualdade e corresponsabilidade social e/ou empresarial.
4. Deseño, execución e avaliación de Plans de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.
5. Deseño, execución e avaliación de programas de prevención da violencia machista no ámbito escolar, laboral e comunitario.
6. Deseño, execución e avaliación de proxectos de inserción sociolaboral dirixidos a mulleres con dificultades de inserción ou en risco de exclusión social.
7. Acompañamento e intervención socioeducativa con mulleres en situación de violencia de xénero, así como das súas fillas e/ou fillos.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Infancia e adolescencia

1. Observación e detección de necesidades e demandas da infancia e adolescencia desenvolvendo estratexias para promover cambios a través de pautas educativas.
2. Deseño, execución e avaliación do proxecto socioeducativo individualizado (PEI) que asegure o desenvolvemento integral da crianza.
3. Deseño, execución e avaliación de proxectos nos eidos da infancia en risco, en situación de desprotección e/ou con medidas xudiciais.
4. Intervención directa como marco de referencia estable para as nenas e nenos en acollemento, dando resposta ás súas necesidades.
5. Deseño, execución e avaliación de programas socioeducativos de hábitos sociais saudables, propiciando ao máximo a participación da nena ou do neno.
6. Mediación e asesoramento no seo das familias para mellorar as relacións interpersoais, sobre todo en caso de situacións conflitivas.
7. Titorización e seguimento da situación escolar, de saúde e de socialización das nenas e nenos.
8. Apoio emocional para as nenas e nenos en situación de vulnerabilidade.
9. Colaboración con programas relacionados co absentismo escolar e/ou a prevención de adicións.
10. Xestión e intervención socioeducativa nos centros de menores, nos equipos técnicos do menor, e outros equipamentos relacionados coa infancia e a adolescencia.
11. Seguimento persoal e familiar en cada caso e adopción, e coordinación co resto de profesionais na toma de decisións que correspondan en beneficio da persoa.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Interculturalidade e migracións

1. Información, orientación e acompañamento, facilitando o acceso aos recursos públicos e especializados (sanitarios, comunitarios, psicolóxicos, xurídicos,...) a persoas de recente acollida.
2. Deseño, execución e avaliación de programas de sensibilización social que faciliten o coñecemento entre culturas.
3. Deseño, execución e avaliación de programas de promoción da participación cidadá na comunidade, facilitando a convivencia poñendo en valor as culturas de orixe.
4. Creación de vías de entendemento e mediación baseadas no diálogo e na convivencia intercultural como principal obxectivo.
5. Alfabetización en cuestións da vida cotiá para persoas de recente acollida.
6. Acompañamento a persoas refuxiadas para o achegamento a recursos comunitarios.
7. Traballo socioeducativo para a promoción dunha cidadanía global.
8. Recuperación da memoria histórica como comunidade emigrante que serva para empatizar coas persoas estranxeiras.
9. Prevención e intervención ante condutas xenófobas e racistas.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Mocidade

1. Deseño, execución e avaliación de estratexias de información sobre recursos, ofertas e servizos de lecer e tempo libre dispoñibles na comunidade.
2. Deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos educativos para o lecer e tempo libre.
3. Intervención directa, individual e grupal a través de actividades en medio aberto.
4. Deseño, execución e avaliación de programas de mellora das habilidades sociais en situacións alternativas de lecer, igualdade, prevención de adicións, fomento de condutas seguras e responsables, educación intercultural, etc.
5. Dinamización sociocultural para favorecer a participación activa no lecer comunitario como finalidade educativa.
6. Apoio e acompañamento na xeración de recursos persoais para asumir e afrontar situacións de conflito.
7. Intervención para o desenvolvemento dun espírito crítico e das súas posibilidades ante os condicionantes sociais.
8. Xestión e dinamización de casas de xuventude e outros equipamentos dirixidos á mocidade, cunha finalidade socioeducativa.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Persoas maiores

1. Avaliación e valoración do estado socioeducativo e relacional da persoa maior e do seu entorno de coidados.
2. Atención e asesoramento ás familias con persoas maiores en situación dependencia.
3. Deseño, execución e avaliación de programas e servizos de atención integral xerontolóxica específicos como: animación sociocultural e terapéutica, educación para a saúde, estimulación motriz, animación estimulativa, apoio psicoafectivo e remotivación, relacións interpersoais, destreza manual, intervención de persoas con demencia, etc.
4. Fomento e dinamización da inclusión e a participación das persoas maiores institucionalizadas con entidades da comunidade inmediata.
5. Intervención socioxeragóxica en prevención do avellentamento patolóxico e a dependencia xerontolóxica.
6. Desenvolvemento de programas de avellentamento activo, ocio e tempo de lecer tendo en conta as necesidades de cada persoa.
7. Deseño, execución e avaliación de programas interxeracionais.
8. Accións socioeducativas con persoas maiores desde un enfoque de atención centrada na persoa.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Persoas sen fogar

1. Deseño, execución e avaliación de plans individualizados de recuperación e inserción social, favorecendo a participación das propias persoas.
2. Apoio e acompañamento individualizado que favoreza o empoderamento e o seu crecemento persoal a través de adquisición de habilidades e recursos persoais e do descubrimento das súas potencialidades.
3. Orientación, información e acompañamento na busca de emprego, vivenda, e acceso a recursos.
4. Deseño, execución e avaliación de programas de sensibilización social para a erradicación da aporofobia e das causas da exclusión social.
5. Posta en marcha de programas de educación de rúa para persoas sen teito.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Prisións

1. Acompañamento e atención personalizada cara o coñecemento directo e mellora das situacións e demandas das persoas internas.
2. Presentación de propostas de medidas socioeducativas para superar demandas ou carencias a nivel persoal ou grupal.
3. Deseño, execución e avaliación de programas de actividades socioculturais, deportivas e lúdicas para as persoas internas.
4. Colaboración co equipo especialista no cumprimento das tarefas auxiliares con respecto á execución dos métodos de tratamento e formulación de propostas.
5. Participación activa no equipo técnico multidisciplinar e coordinación co resto de profesionais.
6. Orientación e asesoramento pedagóxico na formación profesional.
7. Deseño, execución e avaliación de programas de educación para a vida cotiá como paso previo á integración persoal e colectiva das persoas internas e ao uso dos recursos normalizados.
8. Derivación aos recursos normalizados e adestramento da toma de decisións.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Saúde mental

1. Promoción da autonomía das persoas, da mellora das súas competencias e aptitudes, da súa participación, e do seu desenvolvemento integral.
2. Acompañamento e apoio nas tarefas diarias a nivel domiciliario e comunitario compensando as dificultades de estruturación da personalidade e inadaptacións sociais.
3. Deseño e dinamización de actividades cunha finalidade educativa, cultural e de lecer inclusiva.
4. Realización de accións para que a persoa opere cambios persoais ao tempo que incidan na mellora das súas situacións psicolóxicas, sociais e materiais.
5. Titorización da residencia en pisos asistidos, así como noutras fórmulas de residencia.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Servizos Sociais comunitarios

1. Identificación e atención de situacións de risco e/ou exclusión social, con especial atención ás unidades de convivencia e ás/aos menores de idade.
2. Realización de informes socioeducativos.
3. Deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos socioeducativos en materia de prevención das situacións de exclusión social.
4. Intervención e seguimento das familias nas que se realizase derivación aos servizos sociais especializados de menores, de cara á mellora da súa calidade de vida.
5. Realización de propostas de derivación aos servizos sociais especializados, así como seguimento e posterior apoio nos procesos de inclusión social.
6. Información, orientación e asesoramento dos recursos socioeducativos do territorio e servizos sociais que permitan paliar as dificultades na comunidade.

FUNCIÓNS DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS

Sociolaboral

1. Aplicación de ferramentas de análise do contexto, das demandas e necesidades da poboación para mellorar a súa inserción laboral.
2. Deseño, execución e avaliación de programas de orientación, formación e inserción sociolaboral.
3. Deseño, execución e avaliación de plans e itinerarios individualizados para favorecer o logro dos obxectivos profesionais e abordar as dificultades detectadas no proceso de busca activa de emprego.
4. Intermediación sociolaboral co tecido empresarial.
5. Procura de recursos e oportunidades para colectivos con especiais dificultades sociolaborais.
6. Apoio e acompañamento individualizado cara á inserción laboral.

BIBLIOGRAFÍA

- ASEDES (2007): Catálogo de funcións e competencias da educadora e o educador social. En CEESG (2008). Documentos profesionalizadores (pp. 33-47). Santiago de Compostela: ASEDES, CEESG, CGCEES.
- AZARA FUSTERO, P. e MAZO FERRAZ, A. (Dirs.) (2010): Estudio de las funciones en el ámbito laboral de la Educadora y el Educador Social. Colegio Profesional de Educadoras y Educadores Sociales de Aragón.
- DECRETO 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. (DOG 30/03/2012)
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG 17/01/15)
- LIRIO CASTRO, J. (Coord.) (2005): La metodología en educación social. Recorrido por diferentes ámbitos profesionales. Dykinson.
- OMS (2001): Clasificación Internacional del funcionamiento, de la Discapacidad y de la Salud (CIF) onde se sinala, aínda que non se desenvolve moito, unha dimensión claramente socioeducativa: a PARTICIPACION
- MOYANO, S. (2012): Acción educativa y funciones de los educadores sociales. UOC.
- Perfil profesional do educador/a social nos servizos sociais, elaborado polo Comité de Expertos en formación de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais da Generalitat de Catalunya. Decembro de 1996. http://benestar.gencat.cat/ca/serveis/recursos_per_a_professionals/04_comite_d_experts/
- VENTURA I LLUC, D. (2008): “Rol de l’educador social”. Documento policopiado.
- PASTOR VICENTE, C. (2006, Mayo 18). Los educadores y las educadoras sociales en el campo de las discapacidades. Funciones y tareas. RES Revista de Educación Social, Núm.5. Recuperado <http://www.eduso.net/res/?b=8&c=65>
- El educador social y la discapacidad. (s.f.). Recuperado Novembro, 2017, 25 <https://edusouned.wikispaces.com/file/view/TM3+El+educador+social+y+la+discapacidad%2B.pdf>
- CARIDE GÓMEZ, J.A. e MEIRA CARTEA, P. (2001): *Educación Ambiental y Desarrollo Humano*. Barcelona: Ariel.
- DOBSON, A. (2010): *Ciudadanía y medio ambiente*. Barcelona: Proteus.
- SAUVÉ, L. (2014): “Educación ambiental y ecociudadanía. Dimensiones clave de un proyecto político-pedagógico”. *Revista Científica*, n. 8, p. 12-23.